



POLÍTICA DE CUMPRIMENTO EN MATERIA DE COMPETENCIA

APROBADO POLO
ÓRGANO DE ADMINISTRACIÓN:

Cristóbal Valderas Alvarado

(Administrador Único) en representación de:
ACS SERVICIOS Y CONCESIONES S.L.

Decembro 2023

CONTROL DE MODIFICACIONES

VERSIÓN- APARTADOS	COMENTARIOS- DATA
V.0.- documento inicial	Preparado, supervisado e aprobado polo OC en Acta de 03/11/2022 e Órgano de Administración 11/2022
V.1.- revisión Política conforme mellores prácticas en materia de defensa da competencia e do punto relativo ao SII conforme á Lei 2/2023, de 20 de febreiro	Preparado, supervisado e aprobado polo OC en Acta de 29/11/2023 e Órgano de Administración 12/2023

ÍNDICE

1.	FINALIDADE E OBXECTO	4
2.	ALCANCE.....	4
3.	OBXECTIVOS.....	4
4.	ENTRADA EN VIGOR, VIXENCIA, COMUNICACIÓN E REVISIÓN	6

1. FINALIDADE E OBXECTO

O Órgano de Goberno de Clece, S. A. (no sucesivo, Clece), co compromiso de cumprir coa lexislación vixente, a normativa interna e os principios e valores éticos, dispón dos medios e recursos necesarios para desenvolver, implantar e manter un Sistema de Xestión de Compliance, que inclúe a prevención, detección e reacción fronte a condutas irregulares que atentan e supoñen unha restrición á libre competencia e igualdade de oportunidades no mercado.

A presente Política atópase aliñada cos Principios reitores de prevención e o seu catálogo de condutas prohibidas, así como cos valores e normas éticas de conduta internas recollidas no Código ético de CLECE. Nese sentido, Clece atópase firmemente comprometida co desenvolvemento dunha competencia honesta e leal, e reconece a importancia que a tal fin ten o cumprimento da normativa de defensa da competencia e o fomento dunha cultura de cumprimento en toda a organización.

2. ALCANCE

Esta política en materia de competencia resulta de aplicación a todas as actividades e é de obrigado cumprimento para todos os membros de Clece, con independencia do cargo ou posto que ocupen dentro da organización, o tipo de relación e a súa localización xeográfica a escala estatal.

Doutra banda, a política será extensiva ás relacións mantidas con terceiros, socios de negocio, persoas que actúen ou realicen actividades en nome da organización e, caso de habelas, filiais estranxeiras e sociedades participadas non-controladas, na medida en que poidan supor un risco crítico ou grave para a organización conforme ao establecido nos procedementos internos. Todos eles deberán coñecerla e aplicala no seu ámbito de actuación profesional.

No suposto das sociedades ou entidades que puidesen quedar baixo o control de Clece, será de aplicación a política mediante a fórmula de adhesión e/ou adopción do Sistema Integral de Xestión de Compliance.

3. OBXECTIVOS

Os principais obxectivos desta política son:

- ❖ Seguir os criterios do Código ético, os Principios reitores, políticas e resto da normativa interna da organización que recolle o compromiso de Clece cos principios de ética empresarial e transparencia en todos os ámbitos de

actuación, e regular os comportamentos éticos e responsables de todos os profesionais de Clece no desenvolvemento da súa actividade e, en particular, coa observancia da normativa de defensa da competencia e o fomento da competencia libre no mercado, así como as consecuencias derivadas do incumprimento a través da aplicación do correspondente réxime disciplinario.

- ❖ Implantar e desenvolver de forma efectiva unha cultura ética e de cumprimento da normativa de defensa da competencia entre todos os membros de Clece, con independencia do lugar de traballo e da localización en que exerzan as súas funcións.
- ❖ Manter unha política de tolerancia cero ante calquera acto constitutivo de infracción da normativa de defensa da competencia en toda a organización e, especialmente, ante aquelas condutas que impliquen unha concertación de prezos, unha repartición de mercados, clientes e/ou contratos, o intercambio de información comercial sensible e a constitución de UTE con competidores que non resulten xustificadas conforme á normativa de defensa da competencia.
- ❖ Nomear e atribuír ao Órgano de Cumprimento de CLECE as facultades e competencia necesarias para a prevención e xestión das condutas que atentan contra a libre competencia, dotándoo dos recursos materiais e humanos suficientes para levar a cabo a súa tarefa e fomentando a súa formación continua co obxectivo de asegurar o liderado, a autonomía, a autoridade e a independencia no exercicio do cargo, con dependencia e acceso directo do Órgano de Goberno.
- ❖ Identificar, analizar e valorar os riscos propios en materia de competencia, establecendo procedementos e controis adecuados para a súa xestión eficaz, así como os pertinentes sistemas de avaliación, seguimento e monitorización.
- ❖ Comunicar, formar, sensibilizar e concienciar de xeito adecuado os membros de Clece e estender o compromiso aos socios de negocio e outros grupos de interese que así o requiran, sobre o contido, requisitos e natureza do Sistema Integral de Xestión de Compliance en materia de competencia, co obxectivo de conseguir a súa máxima eficacia e cun enfoque baseado no risco dentro do exercicio das nosas actividades.
- ❖ A obrigaón de informar directamente á organización por parte dos seus membros integrantes, así como por parte de calquera terceiro que teña

coñecemento ou sospeita sobre a concorrencia de calquera feito ou conduta irregular que poida supor unha infracción en materia de competencia.

- ❖ Pór á disposición das partes interesadas unha Canle Ética, integrada dentro do Sistema Interno da Información, xunto coa súa correspondente política, procedemento e figura responsable da súa adecuada xestión e tramitación fronte á recepción de irregularidades e/ou incumprimentos do Sistema Integral de Xestión de Compliance en materia de defensa da competencia, garantindo o respecto dos dereitos fundamentais concorrentes, especialmente a confidencialidade, o anonimato e a ausencia de represalias ante o denunciante ou informante de boa fe.
- ❖ Adoptar as medidas disciplinarias pertinentes ante eventuais riscos e incumprimentos do Sistema Integral de Xestión de Compliance en materia de competencia; todo iso, sen prexuízo de calquera outro tipo de responsabilidade legal ou contractual que de tales condutas puidesen derivarse a nivel empresarial.

4. ENTRADA EN VIGOR, VIXENCIA, COMUNICACIÓN E REVISIÓN

A entrada en vigor desta política terá lugar no mesmo momento da data de aprobación, modificación ou actualización do presente documento.

Será obxecto de publicación e difusión para o seu adecuado coñecemento, e atoparase a disposición e consulta a través da web corporativa.

Con carácter ordinario, Clece revisará o seu contido coa periodicidade establecida no seu sistema de información documentada e de forma extraordinaria cando concorran circunstancias significativas de carácter legal, organizativo ou de calquera outra natureza que xustifiquen a súa adaptación e/ou actualización inmediata.